



A entrevista

Patrick O'Flanagan

University College Cork (Irlanda)

¿Cales son os logros do Proxecto Symbios?

Crear para as zonas rurais de Galicia perspectivas comparativas ou diferenciadoras con outras rexións europeas a través de seminarios. Detallar como xestionan outros estados europeos o descenso da poboación, facilitarlle á Xunta de Galicia metodoloxías para enfrontarse ó problema do declive rural tal e como se desenvolven en rexións rurais similares como Irlanda e noutras diferentes como Holanda, resaltar o papel importante das ONG en Europa á hora de combater o declive rural e o desarraigamento social.

¿Cales son as posibles liñas de actuación futura do Proxecto Symbios?

Deseñar e difundir metodoloxías para que as comunidades locais e rexionais galegas combatan o declive, empregar as TIC para lograr cambios a través dos centros de recursos municipais e comarcais, traballar coas universidades europeas e americanas para formular e ofrecer programas de aprendizaxe para o desenvolvemento rural a través das TIC, desenvolver centros de promoción da innovación rural nas capitais provinciais de Galicia.